¡ABORDAXE!

Boletín informativo anarquista
nº 2 · Galiza · Novembro 2015 · mensual

abordaxe.wordpress.com



Da raiba como algo compartido...

Escrito por ***algunhas individualidades anarquistas pontevedresas***

As miserias deste Estado de democracia fascista cando do que se trata é de silenciar voces discordantes son un segredo a voces. Todas temos visto cal é a verdade agochada tras os seus discursos de democracia de salón e urna, cando falan de "paz" mentras envían tropas a masacrar poboacións en Oriente Medio baixo o escaparate mediático da mentira antiterrorista; cando falan de "violencia" para referirse a calquera que cuestione o seu mundo dende uns plantexamentos que van máis alá dos estreitos e limitados camiños dispostos polas súas leis, mentras os seus cans de presa maltratan, arrestan, alxeman e levan para Madrid ás nosas compañeiras, amigas, veciñas, familiares, e deixan tras de sí escombreiras de impotencia, medo e bágoas, a auténtica paisaxe que hai tras o seu miserable decorado de luces de neón, mercadorías circulando e titulares de prensa que falan dunha seguridade, unha calma e unha moralidade que se atopan reservadas a aqueles que teñen máis, e que para as demáis non agocha nada máis que unha guerra cotiá. A guerra entre o mundo do Capital e o mundo da Liberdade. A guerra da miseria, a desesperación e a escravitude modernas, contra os soños que buscan ser cumpridos, e non perden máis tempo.

Fai só dous días, en Catalunya, os Mossos d' Esquadra levaban a cabo un outro operativo represor e fascista en contra das nosas compañeiras anarquistas nas cidades de Barcelona e Manresa. Centros sociais e ateneos, espazos onde o único "terrorismo" que se practica é o de tentar espallar unha conciencia baseada na solidariedade, a axuda mutua e o respecto cara as demáis formas de vida, foron asaltados a primeiras horas do mencer, xunto a varias vivendas particulares. 9 compañeiras foron detidas, baixo absurdas acusacións sen fundamento nin proba ningunha, entre as cales se contan as de pertenenza a unha presunta "organización terrorista". Estas persoas son culpables de manter vivos os seus lazos con compañeiras e compañeiros que se atopan presas/os dende fai anos, de non deixar sós aos que foron víctimas da represión indiscriminada, escribindo cartas, facendo visitas, difundindo na rúa a súa situación. Nada máis. 9 compañeiras que agora tamén sentimos que faltan, mesmo na distancia. Estas 9 persoas hoxe, 30 de outubro do 2015, foron postas a disposición xudicial na Audiencia Nacional, ficando dúas delas en "liberdade" con diferentes medidas restrictivas (retirada de pasaporte e obriga de comparecer periódicamente), cinco delas con posibilidade de "liberdade" baixo fianza de 5000 €, outra persoa con fianza de 4000 € e outra persoa, abogado laboralista, enviado a prisión preventiva.

O mesmo día en que estas 9 persoas eran detidas, a dúas compañeiras, Mónica e Francisco, a Audiencia Nacional prorrogáballes a prisión preventiva durante dous anos máis, co que cabe a posibilidade de probable de que pasen ata 4 anos no cárcere sen xuízo algún. Esta é a democracia, a que sen probas, nin cargos firmes, mantén pechadas a dúas persoas 4 anos da súa vida, a mercé das torturas e malos tratos,

** Continúa na páxina seguinte*

Neste número

*ven da portada
tan tristemente célebres e habituáis nas cadeas españolas (non en vano o Estado español acumula innumerables denuncias de organismos internacionais nese aspecto).

Mónica e Francisco xa foron víctimas en Chile dunha burda montaxe xudicial e policial auspiciada polas mentiras dos xornalistas, da que lograron saír indemnes, despois de que as mentiras do poder ficasen ao descuberto. Unha vez foron vivir a Barcelona, resultaron encarceradas de novo, novamente acusadas duns atentados dos que non hai probas para vencellalos.

Recentemente, nas prisións españolas morrían dous presos. Unha desas persoas, Roy Álvarez Barrio, morría na prisión de A Lama, por causas aínda descoñecidas, mentras que a outra persoa, Galaxia Hernández Salguero, morría en Villabona, Asturias. Poñémoslles nome porque o teñen, porque para nós son algo máis que estatísticas, iniciais ou cifras en censos. Porque para nós, cada morte importa porque cada morte DOE. E falamos esta vez da morte de dúas persoas, dúas persoas que perden a vida tras os muros, sen unha segunda oportunidade, sen a menor consideración nin resposta pola administración. Dúas.

Agora, a Audiencia Nacional volve atacar, desta volta aos entornos do independentismo militante galego, co resultado de 9 persoas detidas, algunhas delas amigas, coñecidas, compañeiras, coas que temos compartido movilizacións, coladas de cartaces, risas, asambleas, debates. E novamente, medra a raiba, a impotencia e esas sensacións tan desagradables como familiares para quen vivimos coa espada de Damocles da represión pendendo sobre as nosas cabezas, e non nos resignamos a abandonar eses soños tan fermosos dun mundo en liberdade, solidariedade e sen amos nin escravas.

Alén das moitas diferencias políticas que poidan caracterizarnos e existir entre nós, queremos solidarizarnos non só coas nosas compas anarquistas, tamén coas 9 independentistas detidas hoxe. A nosa solidariedade atópase con todas aquelas persoas represaliadas por loitar, alén de fronteiras, distancias, linguas, e pensamento. Porque a nosa solidariedade non é negociable, nin acepta os límites impostos polo Capital e polos seus Estados-Franquicia.


Que se espallen as movilizacións e as respostas como cada quen considere oportuno. E que a represión non fique no silencio nin no esquecemento.

Cada golpe fáinos máis fortes.

O Estado é o único terrorista!!



Novas



Crónica da concentración na Coruña en solidariedade cxs anarquistas detidxs en Catalunya e texto do panfleto difundido.

por ***Temible Burlón***

Unha trintena de solidarixs concentráronse onte, pasadas as 20:30h, fronte ao obelisco de A Coruña para amosar o seu rexeitamento ante o novo golpe represivo que desde a Audiencia Nacional, e baixo o nome de *"operación pandora 3"*, asestaron ao anarquismo en Cataluña, así como para amosar solidariedade para cxs nove detidxs. Durante uns corenta minutos, e custodiados por tres furgonetas de antidisturbios , coreáronse consignas contra a audiencia nacional, o Capitalismo, o Estado e a represión, así como solidarias para cxs detidxs e en contra do encerro e do presidio. Despregóuse unha faixa na que se podía ler: "*Contra a represión dos movementos sociais. Liberdade anarquistas detidas*" e repartíronse panfletos alusivos ao caso. A concentración rematou sen incidentes perto das nove e media.

Reproducimos o texto do panfleto repartido no transcurso da protesta:

DE TANTO GOLPEAR A PIÑATA, ABRIREDES A CAIXA DE PANDORA

Dende Galiza queremos amosar a nosa solidariedade coas compañeiras anarquistas represaliadas ou detidas no marco da denominada "Operación Pandora 2". Onte, 28 de outubro, os mossos d'esquadra por orde da Audiencia Nacional levaron a cabo en Barcelona e Manresa unha operación que se saldou coa detención de 9 persoas ás que a policía acusa de suposta pertenenza a unha organización criminal con fins terroristas. Se practicaron 10 entradas e rexistros en domicilios e centros sociais, como o Ateneu Llibertari de Sants ou no centro social la Revoltosa. Este novo golpe represivo é a extensión do que foi a "*Operación Pandora*" realizada en decembro de 2014, precedida pola "*Operación Columna*" levada a cabo en novembro de 2013 e continuada pola "*Operación Piñata*" en marzo de 2015.

Unha sucesión de golpes ás ideas anarquistas que se salda con máis de 40 detidas, 4 delas en prisión á espera de xuízo, no Estado Español nun tempo record de 2 anos. Estas diferentes operacións represivas e coordinadas contra o movemento libertario respostan a unha estratexia política de creación dun inimigo interno, de criminalización dos movementos sociais e contestatarios, de xustificación das últimas reformas e endurecemento do código penal, así como doutras medidas represivas contra a poboación (Ley Mordaza, cadea perpetua mediante a Prisión Permanente Revisable, acoso económico mediante multas administrativas...)

Chamamos á solidariedade cas detidas porque non podemos permitir esta clase de agresións e represión por parte das forzas do estado, o auténtico terrorista neste caso, que ademáis de relegarnos a unha vida de precariedade (desafiuzamentos masivos, recortes sociais, de liberdades e dereitos, así como endurecemento das leis), pretende impedir mediante a súa criminalización a existencia duns movementos sociais que revindiquen e planten cara a todos estes atropelos.

CONTRA A SUA REPRESIÓN, SOLIDARIEDADE E LOITA!!

QUEREMOS AS NOSAS COMPAÑEIRAS NA RÚA!!!

Comunicado dalgunhas das detidas da última fase da Operación Pandora

O pasado mércores día 28 somos detidas nove persoas no marco dunha nova operación anti-terrorista orquestrada polo aparello de información do Corpo de Mossos d'Esquadra, en connivencia co xulgado numero de 3 da Audiencia Nacional española. Tras o rexistro-saqueo dos nosos domicilios, así como do Ateneo Libertario de Sants, somos levadas a diferentes comisarías da periferia de Barcelona, sendo ao día seguinte entregadas á Garda Civil para o noso traslado a Madrid. O venres ao mediodía somos levados ante o xuíz Juan Pablo González González, que decreta a posta en liberdade con cargos para dous de nós, a entrada en prisión eludible con fianza para seis, e a prisión incondicional para o compañeiro que actualmente se atopa encarcerado en Soto del Real.

O conxunto de detidas que actualmente nos atopamos na rúa queremos facer públicas unha serie de reflexións e posicionamentos políticos:

A acusación xenérica para as nove é "de Pertenza a organización criminal con fins terroristas". En concreto impútannos formar parte do armazón "GAC-FAI-FRI", que como é sabido trátase dun concepto artificialmente construído polos corpos policiais, un conxunto de siglas no que intencionadamente e de forma ben calculada mesturan espazos de coordinación entre colectivos (GAC) coa 'firma' que a nivel internacional algúns grupos utilizan para reivindicar accións de sabotaxe (FAI-FRI).

A construción desta organización-marco achega á policía todos os recursos represivos que proporciona o dispositivo anti-terrorista: tribunais de excepción, maior inseguridade xurídica, penas moito máis duras para as compañeiras ás que se condene por realizar determinadas accións, detencións incomunicadas, réximes penais especiais, relacións persoais de amizade/compañeirismo conceptuadas como delituosas, amplificación mediática, estigmatización social, etc. Basta dicir que durante todo o proceso de detención -desde o momento en que vimos as nosas casas invadidas e saqueadas ata que fomos levadas ante o xuíz- non soubemos sequera de que se nos acusaba.

Coa invención das siglas GAC-FAI-FRI as forzas policiais deseñaron unha rede coa que potencialmente poden pescar todo o que se mova dentro do ámbito anarquista e anti-autoritario. No contexto desta nova organización-marco, asistir a xornadas de debate, participar en asembleas, visitar a compañeiras presas ou simplemente ter contacto persoal cunha persoa considerada membro da organización son indicios suficientes como para ser incluída na súa lista negra. É este carácter difuso e extensivo o que dá verdadeira forza á estratexia anti-terrorista: tras cada onda represiva, aquelas que se solidaricen coas detidas serán tamén susceptibles de ser consideradas parte da organización e por tanto detidas, e así sucesivamente. O concepto da organización terrorista está pensado para ser ampliado indefinidamente, talvez coa perspectiva de que chegue un momento no que a contorna considerada como perigosa quede finalmente illada e asfixiada pola dinámica represiva, ou que a incapacidade desta contorna para seguir actuando politicamente estea tan mermada que non valla a pena seguir golpeándoa. O feito de que esta nova operación contradiga as propias declaracións dos Mossos (que afirmaban que a sección barcelonesa de GAC-FAI-FRI xa estaba desarticulada) non nos sorprende, xa que a organización terrorista é construída, modificada e ampliada pola propia acción policial, e non ao revés. A "loita contra o terrorismo" crea ao terrorismo, da mesma maneira que a lei crea o delito.

O intento de fixar a existencia dunha organización anarquista terrorista supón por tanto un salto cualitativo na estratexia represiva contra as loitas, un salto que non debería pasar desapercibido por ninguén e que esixe unha profunda reflexión no seo dos movementos.

Sinalamos á Conselleria d'Interior da Generalitat e especificamente á Comissaria Xeral d'Informació do CME como responsables directos desta última agresión represiva. Os intentos de tirar balóns fora alegando que os Mossos limítanse a seguir ordes de Madrid son só unha tentativa covarde e mezquiña de eludir a súa responsabilidade e encubrir a súa implicación nos feitos, tendo impulsado e deseñado ata o último detalle a operación aprobada pola Audiencia Nacional.

Neste sentido, ver como a Generalitat de Catalunya entrega a mozas catalás aos tribunais, cárceres e corpos represivos continuadores do franquismo español, ofrécenos unha imaxe moi clara de cales son as bases reais do chamado "proceso soberanista", evidenciando o perverso da retórica liberadora que o rodea. O certo é que hai tempo que o Govern identificou ao ámbito anarquista e anti-autoritario catalán como un inimigo para bater, e o proceso Pandora non ten outro obxectivo que achegarse a esta meta. Golpéase ao anarquismo non polas súas ideas no abstracto, se non polo que foi, é e pode ser na práctica: unha minoría de revolucionarias que non dubida en desafiar ao sistema e os seus fundamentos opresivos e corruptos, que anima a quen lles rodea a rebelarse, e que se resiste a deixarse seducir polas canles de integración política que ofrece a democracia liberal capitalista.

Durante o último de ciclo de loitas, alimentado pola crise de financiarización global e as políticas de austeridade que cargaron todo o peso do axuste sobre as costas das explotadas, abriuse en Catalunya un terreo de contestación no que o papel das revolucionarias resultou especialmente molesto para o proxecto neo-liberal da Generalitat. Con todos os nosos límites, erros e contradicións, durante estes últimos anos pelexamos para frear os ataques dirixidos contra as condicións de vida (en materia de traballo, vivenda, sanidade, etc.) de todas; difundimos unha análise estrutural da crise, que demostra que o problema non é un ou outro aspecto do sistema, senón o sistema en si; creamos espazos e redes para a resolución dos nosos problemas e necesidades mediante a solidariedade e o apoio mutuo, estruturas autónomas respecto das institucións e as súas dinámicas paternalistas e caritativas; temos, xunto a outros miles de persoas, fortalecido as greves que acenderon a cidade en defensa dos nosos intereses como traballadoras; levantamos barricadas fronte á destrución dos centros sociais de barrio; saímos á rúa para repudiar o feminicidio, para visibilizar a explotación das mulleres no ámbito da reprodución e o traballo de curas, para desobedecer as leis anti-aborto que pretenden controlar os nosos corpos e as nosas vidas; denunciamos e rompemos o silencio ao redor da violencia e os asasinatos policiais, ao redor da persecución racista, a maquinaria de deportación, os CIEs, os cárceres e, por suposto, non deixamos de sinalar e atacar aos responsables últimos da nosa miseria, os Estados, a patronal e as elites financeiras locais e internacionais.

Todo isto é o que somos, todo isto é o que pretenden destruír. O obxectivo político destas ondas represivas non é outro que o de difundir o medo e o desánimo para obter uns movementos sociais domesticados, remisos a desobedecer e romper coas regras do xogo que o Poder impón para auto-perpetuarse. De aí a represión contra anarquistas, comunistas, independentistas, grevistas do 29M, procesadas

Prorrogan prisión preventiva a Mónica Caballero e Francisco Solar

O martes 27 tivo lugar a vista onde se decidía se lles prorrogaban a prisión preventiva a Mónica e Francisco ou lles puñan en liberdade a espera de xuízo. Saíu a resolución, e prorrogóuselles. A pesar de que a lexislación española contempla os dous anos como o tempo máximo que unha persoa pode permanecer en prisión preventiva, o Estado ten a posibilidade de alongala (argumentando algún tipo de excepcionalidade no caso) durante dous anos máis, e así o fixo.

Hai dous anos, o 13 de novembro de 2013 foron detidos xunto con tres persoas máis, ás cales se lles arquivou o caso. Mónica e Francisco están á espera de xuízo acusados de pertenza a organización terrorista, estragos e conspiración. O mesmo día que sae esta resolución deteñen a 9 persoas nun novo golpe ao anarquismo en Barcelona e Manresa con dez rexistros en casas e locais. E ante isto só nos queda encaixar os golpes e seguir adiante, demostrándolles que non están sós e que non conseguirán frear a nosa solidariedade.

Situación de Quique, anarquista encarcerado na Operación Pandora II

O día 30 de outubro pasaron a disposición xudicial na audiencia nacional pola segunda fase da operación Pandora os nove anarquistas detidos dous días antes en Cataluña. Finalmente oito saíron en liberdade (6 deles con fianza) e un foi enviado a prisión preventiva.

Esta é o seu enderezo. Escribídelle, apoiade, difundide, que saiba que non está só:

Enrique Costoya Allegue

CP Madrid V Soto del Real

Ctra M-609, km 3,5 Módulo 15

28791 Soto del Real (Madrid)

de Can Vies, procesadas pola acción de Aturem o Parlament… O sistema non pretende sentenciar a nosa culpabilidade, senón demostrar a súa inocencia: quere absolverse pola vía de des-lexitimar, illar e neutralizar a todo aquel que lle acuse e plántelle cara.

A resposta solidaria ás nosas detencións móstranos que os nosos inimigos aínda están lonxe de lograr os seus obxectivos. Queremos agradecer e saudar todas e cada unha das mostras de solidariedade expresadas estes días. As manifestacións, as concentracións, as accións, os xestos de complicidade e agarimo, as achegas económicas, … o enorme apoio recibido ten un valor incalculable para nós, un valor que compensa con fartura o mal grolo, que o empequenece ata ridiculizalo. Non cremos nas súas leis, nin nas garantías que está ofrécenos: a nosa única defensa, a nosa única garantía, é a resposta solidaria na rúa. A masiva demostración de apoio que nos brindastes, e que anteriormente brindamos ás nosas irmás detidas nas anteriores operacións, evidencia o fracaso da estratexia anti-terrorista en illarnos mediante a extensión do medo.

Agora estamos na rúa, pero só a medias. Unha parte de nós, Quique, segue encarcerado na prisión de Soto del Real. É por iso que a solidariedade non só non debe deterse, senón que debe multiplicarse. Facemos un chamamento a intensificar a loita na rúa para a súa excarceración, a que todas e cada unha das compañeiras escribámoslle polo menos unha carta, e a secundar con forza todas as convocatorias que se lancen no seu apoio, así como estar moi atentas a calquera petición ou información que salga dos colectivos dos que forma parte: Acció Llibertària de Sants e o Sindicato de Oficios Varios da CNT-AIT de Barcelona. En ningún caso imos deixarlle só, nin a el, nin a Mónica, nin a Francisco, nin ao resto de compañeiras encarceradas. Nin detencións, nin procesos, nin cárceres poderán romper os nosos lazos de solidariedade ou o noso compromiso político. Para nós, as sucias celas onde estivemos estes días sempre serán lugares máis dignos que os luxosos despachos desde os que xestionan a miseria de todas.

NIN UN PASO ATRÁS!

A LOITA É O ÚNICO CAMIÑO!

Detidas da última fase da Operación Pandora que actualmente se atopan na rúa



[Operación Ice] Seis persoas detidas do colectivo Straight Edge Madrid

Seis integrantes do colectivo libertario, antifascista e vegano Straight Edge Madrid foron detidos o 4 de novembro no marco da operación Ice, impulsada pola brigada de información da Policía Nacional, cinco en Madrid capital e un en Las Matas. Despois dos rexistros domiciliarios, os detidos foron trasladados á comisaría de Moralataz, onde declararon antes de ser conducidos cara á Audiencia Nacional para declarar ante o xuíz Eloy Velasco. O maxistrado acordou a posta en liberdade de catro dos detidos baixo unha fianza de 5.000 euros e o ingreso dos outros dous en prisión preventiva.

Eduardo Gómez Cuadrado, avogado de varias das persoas detidas, confirma a Diagonal esa acusación xenérica e pon en dúbida que se corresponda coa realidade.

"Co que sabemos ata agora, a imputación por terrorismo é ridícula. O problema é que terrorismo é o que eles digan que é terrorismo", sinala o letrado, quen ademais denuncia un dobre xogo no manexo da información: "Saíron cousas en prensa que nós aínda non sabemos, denegáronnos o acceso a esas informacións alegando que están baixo segredo de sumario".

Para Gómez Cuadrado, a propia definición de terrorismo non encaixaría nin sequera cos feitos supostamente cometidos polas persoas detidas. "Se terrorismo é subverter mediante a violencia a orde constitucional e acúsaselles de atacar sucursais bancarias, desde cando son estas o que sustenta a orde constitucional?".

A Policía Nacional de Madrid acusa os integrantes do colectivo Straight Edge Madrid de "delitos de pertenza a organización criminal con finalidades terroristas, apoloxía do terrorismo e elaboración de bombas caseiras". Adicionalmente, a policía relaciona Straight Edge Madrid cos chamados Grupos Anarquistas Coordinados (GAC), un espazo de discusión e propaganda.

Un dos integrantes de Straight Edge Madrid asegurou a Diagonal que están "flipando con todo isto" e que prefiren non pronunciarse respecto diso.

Para el, o seu movemento baséase en "un compromiso cun mesmo, facerse responsable dos efectos que o que un fai ten no medio ambiente e na contorna. Hoxe en día parece que todo xira en torno ao consumo, xa sexa de alcol ou doutro tipo de drogas e nós queremos facer cousas máis importantes, hai outras formas de divertirse". No seu caso, o que fai é organizar concertos e eventos de carácter musical e tocar nun grupo, DSD (Diversión sen Drogas).

[A Coruña] Actividades para o mes de novembro no Ateneo Libertario Xosé Tarrío

Ateneo Libertario Xosé Tarrío da Coruña (Rúa "La Paz" nº16, esquina coa rúa Vizcaya, no barrio dos Mallos)

Venres 6 ás 19h- Palestra StopTTIP, Tratado de Libre Comercio E.E.U.U.- U.E. A cargo de ECOAR

Venres 13 ás 20h- Palestra Decrescimento dende a olhada do ecofeminismo. A cargo de Maria Castelo.

Sábado 21 ás 20h- Palestra presentación do proxecto "Apoyo Mutuo"

Cine (todos os xoves as 20h):

5- Manuel, el hijo prestado

12- La Doctrina del shock

19- La fuga de Segovia

26- Un condenado a muerte se ha escapado

Actividades permanentes:

Biblioteca: Luns, mércores e xoves de 19 a 22h

Nais contra a impunidade e asesoría xurídica universal e gratuita: martes de 17 a 20h

Asamblea aberta de xestión do Ateneo: Luns a partir das 21h (menos o luns 30, último do mes, que empeza ás 20h)

Nove pessoas detidas na Galiza sob acusaçom de 'enaltecimento do terrorismo'.

A Guardia Civil espanhola, sob comando da Audiencia Nacional, detivo nove pessoas nas últimas horas no âmbito de um dispositivo repressivo desenvolvido em todo o território galego. Há quatro pessoas detidas em Vigo, duas em Ponte Vedra e três em Boiro, Muros e Compostela. Segundo informaçons policiais filtradas aos meios comerciais, a militância de Causa Galiza é a atingida desta vez polas forças policiais. Segundo a imprensa comercial, a operaçom terá como alvo "o entorno" do grupo Resistência Galega (RG). Parece que a acusaçom seria de 'enaltecimento do terrorismo', frequentemente usada polo regime espanhol nas suas operaçons contra independentistas, anarquistas e outros movimentos: a sua definiçom laxa permite alargar o âmbito das açons policiais.

[Portugal] A C.O.S.A. (Casa Okupada de Setúbal Autogestionada) en perigo de despejo

Já começaram as reuniões para se esboçar o apoio e a defesa da Casa Okupada de Setúbal Autogestionada. O grupo que juntou residentes, ex-residentes, participantes e solidários deixou bem claro que se vão fazer todos os esforços para garantir que a história da COSA não fique por aqui.

Estão a ser feitos contatos com diversos advogados, para estudar as formas de contestação ao processo. Sejam quais forem os caminhos que tomarmos, estamos conscientes de que existem custos associados à defesa em tribunal: para já, 714 euros, exclusivamente para dar entrada à nossa contestação.

Apelamos à solidariedade de todxs xs que puderem contribuir para esse efeito: para doações e contributos disponibilizamos um NIB/IBAN no final deste comunicado.

Mas este é apenas um dos caminhos que serão trilhados. Apelamos igualmente a todxs xs que quiserem participar nas atividades e programação que se avizinham e serão divulgadas mais à frente, e por outro lado deixamos (como sempre deixamos) a porta aberta a quem queira propor todo o tipo de eventos.

Não vemos o fim deste projeto, nem com este punhado de papeis legais, nem com outro qualquer. Para já, o que esta nova ação intimidatória dos supostos proprietários gerou, foi uma onda de solidariedade que se há de refletir em múltiplas atividades. Desde já agradecemos a todas as pessoas que, dos quatro cantos da Europa demonstraram a sua solidariedade imediata na última semana! E é com um sorriso na cara que afirmamos que quem acendeu este rastilho foram aqueles que acham que é com tribunais e repressão que se vai acabar com 15 anos de okupação, resistência e liberdade.

Contribuições podem ser enviadas para:

Portugal: NIB 0018 0000 0224077402163

Estrangeiro: IBAN PT5000 1800000 224077402163

SWIFT TOTAPTPL

titular: Pedro Miguel Fidalgo Peixoto

Convidamos todas e todos a participar nesta luta!

Estes 15 anos já ninguém nos tira... e os próximos aí virão!

Casa Okupada de Setúbal Autogestionada

Rua Latino Coelho n2,

2900 Setúbal

cosastb2015@gmail.com

Assassinato de umha mulher em Ponte Sam Paio e resposta nas rúas

"Juntas vamos dar cabo do patriarcado criminoso" é a palavra de ordem com que o movimento feminista galego convocou no passado 26 de outubro, várias concentraçons em denúncia da violência que as mulheres sofrem constantemente pola sua condiçom de tais. O último assassinato machista na Galiza, aconteceu o sábado 24 de outubro em Ponte Sam Paio (Ponte Vedra), resultando morta Conchi Reguera Peón, de 38 anos. Trátasse da sétima vítima mortal do machismo en Galiza neste ano 2015. O assassino, José Antonio Lusquinhos Bustelo, de 34 anos, expar da vítima, está preso no cárcere da Lama.



Opinión



Pola extensión da guerra social ou "Nadie es inocente todxs terroristas"

Por ***B.Castrón***

Neste momento de reaxuste do Capital e contexto de "crise" para millóns de persoas, a reformulación do sistema e as súas engranaxes dependen da posta en escena de novos contrincantes, xa sexan reais, falsos ou sobredimensionados. Como consecuencia de todo isto as loitas e movementos anticapitalistas atópanse envoltos nunha persecución que, matizando que sempre existiu de forma latente, nos últimos tempos está tornándose nunha auténtica cacería inquisitorial contra todo proxecto, tecido social ou expresión de solidariedade que represente unha lóxica de ruptura coas actuais condicións de existencia. É evidente que o aparello estatal está intensificando e extendendo a represión ao tempo que procura unha "paz social" coa caridade como parche para o desmantelamento do "Estado de benestar". Este marco de actuación deixa máis que patente a imprescindible relación Estado-Capital para o mantemento do sistema. Por outra banda os novos fenómenos mediáticos electorais preséntase como unha oportunidade enfeitada e adaptada para conservar a satisfacción dxs escravxs modernxs.

A reforma do Código Penal, a "Ley de seguridad ciudadana", o endurecemento do marco de sancións xa existentes, a ampliación das marxes represivas e o investimento en novo armamento e métodos de control social supoñen unha resposta sistémica con tintes máis opresivos que integradores, para garantir un crecemento económico non asegurado nas áreas de acción de grupos insumisos á mundialización. A prisión, a dispersión e o aillamento son hoxe a constante ameaza do castigo para xs rebeldes antagonistas que están a sufrir múltiples procesos represivos fortemente promocionados polos medios de intoxicación informativa. Para xustificar o seu falso ceo precisan crear un inferno cheo de alimañas que representen unha ameaza constante para a "seguridade". Con todo, non é bo caer no victimismo se asumimos que vivimos nun contexto de guerra social que debemos intensificar. Os desbordes sociais espontáneos ou as accións ofensivas son o verdadeiro motor da revolta, é a revolta expresándose en sí mesma. Non debemos atender á lóxica culpable-inocente que formula a xustiza deste sistema, porque este sistema non é xusto e nos somete a unha violencia cotiá que se expresa en tódalas súas formas sociais e económicas, unha violencia que ten que ser respostada. Cantxs compañeirxs mortxs, presxs e afundidxs na miseria? Xs ricxs cada vez máis ricxs e xs pobres cada vez máis presxs.

A creación dunhas condicións de existencia xenuínas, pasa pola completa destrucción deste sistema e as súas relacións de poder. Pero non se trata soamente de actuar cunha forte proxectualidade destructiva, sabemos que "a creatividade é a cousa mellor

repartida do mundo"(Raoul Vaneigem). Atoparse cxs oprimidxs no rexeitamento total das actuais condicións de existencia para, na medida do posible, facer cinzas toda autoridade que rexa os nosos destinos e construír novas realidades sociais; isto supón o punto de partida de calquer contestación e entendemento co conxunto dxs explotadxs, unha outra oportunidade que se nos presenta xs antiautoritarixs e non debemos deixar pasar. Estes momentos requiren unha determinación contundente, un salto cualitativo nos métodos de propaganda e acción directa. O enésimo intento de recuperar as rúas como espacio de encontro debe trascender, e desta vez non pode pasar por un feixe de acampadas máis ou menos espectaculares, vellas e rancias organizacións de síntese totalitarias e afincadas no asistencialismo, ou por centros de poder por moi popular que este sexa. As miserias da sociedade do espectáculo non atopan diques e reprodúcense tamén no seo das loitas anticapitalistas, en forma de museos revolucionarios, chiringuitos interclasistas, centros de poder electoral... Non existe tranformación social se non se lle pon fin dunha vez por todas as consignas mesiánicas, falsxs opoñentes do Estado-Capital e todo tipo de oportunistas deshonestxs. Pode que moitas destas propostas atopen aceptación, cando se abandona o camiño da revolta contra o existente normalmente alcánzase o éxito pero rexeitase o pracer. Rematemos coa inxenuidade e inseguridade que nos impulsa a delegar os nosos desexos, porque o encontro entre as distintas ópticas antagonistas debe partir da esponteidade e ser persistente e realmente horizontal ou non será nada. É unha cuestión vital, atopar os mecanismos que permitan axs explotadxs radicalizarse e emprender sendeiros revolucionarios. Marcar e intensificar os nosos propios ritmos de loita debe ser prioritario, porque a "roda" da represión non deixa de xirar e as oportunidades insurreccionais non se calculan nos censos. Deberíamos fomentar unha relación continua que nos permita a contundencia e inmediatez necesarias para desenvolver a nosa acción, autoxestionar a nosa seguridade e respostar a represión.

Estamos vivindo un refluxo da movilización popular xurdida hai poucos anos no Estado español, máis, desta vez a movilización parece conter unha forte carga de hostilidade antagonista que pode detonarse en calquera momento. Neste senso todas as expresións populares que pretenden trascender as fracasadas estratexias cidadanistas de conciliación e protesta cívica, están a ser fortemente reprimidas, con todo, tamén están resultando contaxiosas e recuperando a rúa como espacio de encontro dunha maneira moito menos inxenua que a inaugurada polo 15M e sucedáneos varios. Están a presentarse momentos, oportunidades que deberían valorarse coa importancia e o esforzo que implica un crecimento cuantitativo e cualitativo das perspectivas insurreccionais. A crítica, violenta se é necesario, contra xs recuperadores, sectas confusionistas esquerdosas e apagalumes é un complemento imprescindible para o desenvolvemento dos nosos proxectos. O incremento da tensión insurreccional, e tamén a construcción de realidades con perspectivas antiautoritarias integrais, teñen o terreo abonado para espallarse e deben confluír dunha vez por todas cos múltiples conflictos sociais latentes nunha loita de carácter ingobernable , porque a revolta será antiautoritaria ou non será nada...É momento de recuperar as rúas e de conspirar pola fin das relacións de poder. Non de reunirse entorno a efemérides máis ou menos prescindibles.



Arredor da cuestión das «montaxes», da xustiza e da ofensiva

Escrito Por ***Anarquistas alén dos pirineos***

Lendo textos sobre a represión, é bastante frecuente caer sobre o termo «montaxe». Montaxe policial, xudicial, político ou montaxe a secas, a palabra a miúdo úsase para todo, xerando bastante confusión en canto ás realidades que pretende describir ou resumir. Deixando de lado as consideracións semánticas, parécenos que o que importa é centrarnos nas ambigüidades que esta palabra-caixón pode, máis ou menos voluntariamente, xerar ou soster. En efecto, cando a represión vén, unha vez máis, para chamar á porta das anarquistas cos uniformes dos polis e os traxes dos xuíces (como ultimamente coa Operación Pandora por exemplo), é necesario máis que nunca dar proba no xeito de afrontala.

É evidente que non poderemos e xamais quereremos poñernos no lugar do Poder nin reflexionar como el, e que os nosos criterios non son os seus. Non obstante, ter algunha análise e algunha reflexión precisa sobre os seus fins e os seus métodos, entre outras cousas en materia de represión, pode dar unhas pistas para facerlle fronte. A sabendas que, por suposto, sempre determinaremos os camiños que queremos tomar en coherencia coas nosas ideas e as nosas perspectivas antiautoritarias, para saír do terreo minado do inimigo e actuar do xeito que pensamos máis apropiada.

Á luz de experiencias do pasado, as operacións represivas a grande escala do Estado, baixo as súas diferentes formas (monarquía, ditadura, democracia...) contra os seus inimigos declarados, as anarquistas, non ten nada de novo. Estas son mesmo bastante clásicas en contextos de efervescencia social e de intensa actividade subversiva. Se pensamos nas leis e os grandes procesos antianarquistas na Francia da Belle Époque e da propaganda polo feito, nos procesos de Montjuïch na Barcelona en ebulición de 1896, en Sacco e Vanzetti e tantos outros/as compañeiros/as en Estados Unidos na súa feroz oposición á Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias, no Valparaíso (Chile) insurrecto en 1920; unha das estratexias do Estado consistiu en tomar un ou varios feitos específicos para lanzar vastas redadas contra unha parte ou o conxunto mesmo do movemento anarquista, e deixar caer a montóns condenas de toda clase (execucións, condenas pesadas, deportacións). Nestes casos, os obxectivos fixados eran claros: máis alá da vinganza a calquera prezo contra os/as compañeiros/as que non escondían a súa vontade de rematar cun mundo fundado na explotación e na dominación, se trataba ademais de poñer fin á ofensiva revolucionaria contra o Estado e o Capital. O papel preciso de persoas incriminadas en tales ou cuales asuntos xogaba entón para a xustiza un rol secundario. É ante todo a responsabilidade nunha dinámica de ataque contra os poderosos o que había que castigar, e intimidar dando exemplos.

Aínda hoxe, aínda que a conflitividade social e o contexto de loita mudasen, a represión contra as anarquistas segue á orde do día en moitos países, e a profunda significación dunha expresión como «nin inocentes nin culpables» continua formulándose coa mesma intensidade. O feito de que os avogados xoguen sobre a legalidade dos procedementos ou litiguen a ausencia de probas no recinto dos tribunais é unha cousa, pero outra ben distinta é que unha gran parte dun movemento se aferre tamén en demostrar a inocencia de compañeiros/as. Isto pode estar ligado a diverxencias reais de fondo -non compartindo todo o mundo a posición dun Novatore sobre o feito de que os/as «culpables» merecen aínda máis nosa solidariedade que os/as «inocentes»- ou simplemente a unha debilidade de análise da situación e do funcionamento da xustiza como arma ao servizo do Poder.

Agora ben, fronte a represións específicas, certas anarquistas propuxeron e empeñáronse en continuar dando vida ás diná-

micas de loita ou en manter a ofensiva, máis que en berrar alto e forte a exterioridade dos/das compañeiros/as cos feitos que lles atribúen. Fixérono ás veces coa idea de establecer unha relación de forzas susceptible de arrancalos/as das poutas dos seus captores, ás veces por vinganza ou simplemente movidos por unha relación de profunda de continuidade de ideas, de prácticas e de perspectivas. Á inversa, outras reaccións puideron tamén consistir en minimizar o contexto ou unha parte dos feitos coa esperanza de recoller un apoio máis amplo, ou mesmo en intentar pesadamente afastar o máis posible o perigo de si, especialmente tomando distancias prudentes co que o Estado pretendía golpear.

Un dos exemplos históricos frecuentemente utilizado para ilustrar as montaxes é o da Mano Negra en España, e que non é dende o noso punto de vista casual. En 1882, os ataques de todo tipo que se multiplicaban en Andalucía, esencialmente contra os grandes terratenentes, foron atribuídos a unha organización secreta: a Mano Negra. Pola que, miles de xornaleiros agrícolas e anarquistas da rexión foron detidos, a maioría membros da FTRE (A Federación de Traballadores da Rexión Española, ligada á AIT). Finalmente, entre centenas de persoas encerradas e cazadas e despois das torturas que podemos imaxinar, 14 delas foron condenadas a morte por un asasinato.

Probablemente nunca saberemos se eles tiñan ou non participado nese homicidio particular e se fixeran parte ou non da Mano Negra, pero o que si está claro é que neste caso o Estado quería era máis ben arranxar outra cousa en lugar que un caso de asasinato. O que manifestamente lle inquietaba era, máis ben, a multiplicación de accións directas e a emerxencia dunha organización formal de masas do tipo da FTRE que contaba con decenas de miles de afiliados dispostos a loitar contra as condicións de miseria que lles estaban a impoñer. Era pois o conxunto que quería quitarse de enriba, mesmo xogando coas diferenzas internas do movemento. Colocada entre a espada e a parede, e pensando certamente en preservarse como estrutura, a FTRE situouse no terreo posto polo Estado, negando a existencia da Mano Negra (de aí a tese por outro lado bastante controvertida de que se trataba dunha creación da policía) e condenando á vez as prácticas de acción clandestinas que non correspondían á súa estratexia do momento.

Este exemplo parécenos revelador polo feito de ilustrar unha das estratexias represivas do Estado, máis aínda cando este non dispón de persoas pilladas no acto: dun lado designar os/as culpables que lle parecen máis apropiados/as, e ao mesmo tempo aproveitar a ocasión para facer a selección entre os/as bos/boas anarquistas e os/as malos/as. Obxectivo dende o principio ou efecto colateral -repetímolo, a nosa intención non é a de penetrar no espírito retorcido dos esbirros-, o certo é que nestas circunstancias, as tomas de distancia teñen igualmente enchido a historia do movemento anarquista. Este foi particularmente o caso cando algunhas organizacións formais, ás veces de masas, no momento en que estaba en xogo a súa prohibición ou legalización, se abstiveron ou coidáronse de non recoñecer a un/unha ou outro/a compañeiro/a como anarquista -coma se fose necesario algún carné de membro para selo e actuar como tal-, ou mesmo se uniron aos coros que condenaron unha ou outra acción.

Non imos desenvolver aquí todos os problemas que suscitan as nocións de «representatividade» no seo do movemento anarquista, do que poderían ser as prácticas «comunmente admitidas» por este conxunto (non obstante tan indefinible como polifacético) ou o lugar acordado ás accións minoritarias... Pero o certo, é que estes problemas se volven particularmente agudos cando, ademais, as reaccións en relación a iniciativas ofensivas se establecen sobre as normas represivas do Poder, elas mesmas implícitas e de xeometría variable segundo as necesidades e as situacións do momento. Cando algunhas accións non son xa consideradas segundo criterios individuais e éticos, cando percibilas como «minoritarias» as volve de golpe sospeitosas, cando a súa pertinencia non se mide senón segundo a rapadoira da espada de Damocles que poderían facer caer sobre todos/as, entón é que o calendario político e represivo tomou o paso sobre as ideas.

Por suposto, poden xurdir algúns debates en torno a compartir ou non certas accións, os seus obxectivos, os seus métodos ou os seus porqués pero deben ser levados a cabo entre compañeiros/as e de xeito axeitado, é dicir lonxe dos oídos do Poder, dos proxectores dos medias e dos espazos virtuais de comunicación, e sobre todo non baixo as ordes do Estado a quen teriamos que achegar respostas e garantías cando nos apunta.

Para volver á cuestión da «montaxe», parece que un reflexo un tanto condicionado consiste en avanzar esta expresión bastante práctica co fin de poñer todo o mundo de acordo contra o que sería unha inxustiza manifesta. En realidade, este reflexo conduce xeralmente a non tocar os mecanismos de fondo da xustiza. Se o Estado certamente non dubidou en facer a guerra contra os/as seus/súas inimigos/as declarados/as indo ao encontro das súas supostas propias regras (fabricación de probas, falsas confesións e testemuños obtidos pola chantaxe ou baixo tortura, etcétera), sería non obstante un basto erro esquecer que a xustiza é en se un instrumento forxado á súa imaxe e para o seu uso.

Dende hai séculos, o Poder dotouse de medios para castigar non só os/as autores/as materiais de certos feitos, senón tamén aquelas e aqueles que dun xeito ou outra terían podido facer posible a súa realización. A noción de complicidade é por outro lado extensible ao punto de englobar ás veces a complicidade pasiva ou moral, consistente en non ter impedido un feito delituoso ou ter quedado no lugar cando este foi perpetuado! O delito asociativo -de delincuentes, subversivos/as, terroristas, etcétera- constitúe igualmente unha arma escollida en canto permite sancionar relacións e afinidades (reais ou supostas) poñéndoas baixo un mesmo paraugas, trátese de grupos ou organizacións existentes ou creadas de cabo a rabo. A través del, o Estado busca a miúdo tamén construír unha lectura do mundo á súa imaxe pegando estruturas xerárquicas sobre aquelas e aqueles que queren acabar coa súa existencia, dos/as que fai pequenos/as soldados/as con roles ben definidos e dispostos a todo para impoñerse.

A intencionalidade, completando vantaxosamente o seu arsenal xurídico, ofrécelle ademais a posibilidade -non se priva de utilizar- de intervir mesmo a título preventivo contra ideas tales como as interpreta e segundo a perigosidade práctica que se lles atribúa. Nestes tempos de guerra maior «contra o terrorismo», o delito de apoloxía está moi de moda, especialmente en Francia: posicións orais ou escritas son suficientes para entrar no marco da lei antiterrorista. Ademais da súa aplicación a certos feitos precisos que serven sempre como pretexto, esta acusación pode máis xeralmente revelarse bastante práctica para condenar aquelas e aqueles que de distintas maneiras cuestionan o sistema existente.

Máis alá destes exemplos, a esencia de toda lei é codificar actos e comportamentos, para fixar normas e interdicións en función dos intereses e da moral dominantes, así como das relacións sociais. Os cárceres están abarrotados daquelas e daqueles que caen cotiamente baixo o efecto da interminable lista de crimes e delitos, é dicir de construcións xurídicas elaboradas polo poder correspondente e regularmente actualizadas para o maior proveito do Estado e do Capital.

Fronte ao funcionamento intrínseco da xustiza, podémonos preguntar se o recorrer tan frecuentemente ao prisma da montaxe para descifrar e denunciar tal ou cual operación represiva particular non conduce, de xeito indirecto, a reclamar unha mellor aplicación da lei democrática. Arrastrada ás súas últimas consecuencias, esta clave de lectura que parte máis das normas do inimigo e do seu respecto que das nosas propias ideas e perspectivas, mesmo podería servir para xustificar de feito o terror legal ordinario en toda a súa tráxica banalidade.

Afirmar que inocencia e culpabilidade non son parte do noso vocabulario é, pola contra, afirmar o noso rexeitamento a pensar e actuar en función de calquera código penal (e moral), a nosa determinación de permanecer fóra das areas movedizas do dereito, cara a un a-legalismo que non ten nada que ver con ningún gusto polo martirio, senón coa coherencia das nosas ideas antiautoritarias.

Cando o golpe é asestado contra individuos ou grupos aos que atribúen a granel unha serie de accións utilizando o feito de que defenden e difunden ideas e prácticas ofensivas contra a autoridade, unha das preguntas que se formula ás e aos que comparten aquilo contra o que están a loitar é a da solidariedade, e polo tanto a propagación destas ideas, estas prácticas e os seus porqués, sen deixar que a represión monopolice o terreo e o calendario. Para non se limitar a un efecto de «campaña» que se acantoaría a situacións e momentos illados, esta solidariedade tamén podería inscribirse na continuidade do combate contra as institucións que aplican tan ben este terror cotián a través das guerras, o encerro, a miseria, a explotación, o envelenamento continuado do planeta...

Porque efectivamente, as palabras e as ideas teñen consecuencias, a proposta anarquista de que cada un/unha retome a súa vida nas súas mans, da libre asociación e a autoorganización no conflito, é tamén un método para levar cada vez máis lonxe a loita contra o existente, ata a destrución de todas as gaiolas.

Reseñas

[Música] Melide presenta "Rururbana"

"Rururbana" é un concepto que fai referencia ás periferias das cidades onde o rural mestúrase cos extrarradios dun estilo de vida urbanita viciado e enfermo que por desgracia, non se concentra soamente nas urbes onde o cemento e o consumo tentan iluminar o valeiro que nos aforca. Máis nestes espazos de confluencia entre dous mundos, todavía hai quen resiste conservando trazos seculares de vida comunitaria, relacións veciñais de complicidade e unha forte belixerancia ao progreso devastador. Este é o caso da comarca de Compostela, desde onde R. Melide membro do colectivo de hip-hop anticomercial e antagonista Hip-Hop Ateneu (HHA) nos presenta Rururbana.

Un E.P. con 7 cancións que podedes descargar de balde en: hiphopateneu.blogspot.com

Reproducimos unha pequena reseña enviada polo colectivo:

Hip hop e poesia arredor dos dramas e as luzes da periferia. Umha viagem guiada no P2 (Estaçom de buses-Ortonho), contemplando todo aquilo que ansiamos e todo aquilo que nos atravessa: da sombrinha no rio à economia de mercado passando polo eucaliptal, os astros, o sexo, as pistas da parcelária, as torretas de alta tensom, a memória, o paraíso, a frustraçom, a imortalidade e a luita pola vida efémera. Músicas da mao de Pura Mestura, Desenhos por Kike. Gravado nos estúdios Cocobolo (Val da Amaía) durante o vrao de 2015.

[Filme] Desde a cela (curtametraxe de sensibilización sobre a situación nos cárceres)

Podes acceder á curta en: tokata.info

Todas as persoas privadas de liberdade responden a un nome que ás veces se esquece pola cosificación que exerce a institución. Sen demasiado esforzo acábanse convertendo nun número, nunha cifra máis, nun dato estatístico, pero o certo é que todos e cada un deles, todas e cada unha delas, provén das súas propias circunstancias.

Non son un número. Non son unha taxa de criminalidade, de reincidencia, de tipoloxía delituosa. Non son un experimento social. Non son partidas orzamentarias. Non son conclusións de estudos sociolóxicos, xurídicos ou criminolóxicos. Son persoas con nome e apelido, con familia, con contorna, con sorte ou sen ela, pero persoas.

As cartas ocupan tempo, trasladan a mente, debuxan ilusións, deseñan esperanzas. As cartas lense unha e outra vez ata aprenderse de memoria; son o triunfo da persoa fronte á institución; son a non cosificación, a resistencia, a liberdade.

Son sensación, emoción, vida.

[Libro] 'Bruxería e contracultura gay' de Arthur Evans

No contexto do renovado interese na historia da bruxería e o xurdimento da civilización cristiana, este libro ofrece unha contribución significativa.

Nos últimos anos, anticapitalistas e paganos por igual exploráron as análises radicais destas historias e teñen traballado para comprender as condicións nas que o patriarcado e o capitalismo se desenvolveron xuntos, como dúas cabezas da mesma monstrosidade. Esta liña de investigación é quizáis o mellor exemplo da letura xeralizada e discusión de "Calibán e a bruxa" de Silvia Federici, e tamén a renovada excitación sobre Fredy Perlman de "contra súa–historia, contra o Leviatán!".

Para conseguir exemplares do libro, pedir información e/ou distribuír exemplares, contactar con: amiguesdeleslletres@openmailbox.org

Ano de publicación: 2015

Autor: Arthur Evans

Editorial: Consell Editorial Laberints i Distri Josep Gardenye

A columna

Ouvistes falar de nós mil veces.

Ouvistes falar de nós mil veces, case todas sen fundamentos. Vistes as nosas frases con esas "A" dentro dun círculo que para vós non din nada e tanto nos din a nós. Vístesnos ata na tele, pero o que non rematades de entender é que nos atopámos a diario, na rúa, no bus, nos pasos de peóns, mesmo no curro. Que somos xente normal, de carne e ósos. Que somos os vosos fillos, as vosas nais, os vosos veciños, que nos coñecemos.

Sabemos que vós tamén estades fartos de escoitar o despertador. Non nos cremos que sexades felices así, entre o traballo e o centro comercial, sempre facendo cola e pensando na próxima compra, mirando pasar a vida entre mercadorías que no fondo non saben a nada. O que non comprendemos é que vivades coma se nada, como se todo fose ben, se demasiadas preocupacións alén do puramente económico. Parecedes contentos con ese lixo que nos venden, como se non fósedes capaces de soñar con algo mellor, como se estivésedes a gusto entre plástico e cemento. En algo somos distintos, nós odiamos todo isto, non nos atraen o máis mínimo as referencias de catálogo que nos ofertan as cidades, Saben a merda! É imposíbel que a vida sexa isto, porque isto non é vida, isto é pasar o tempo sen pena nin gloria. Nós asumimos as penas que pode traernos a procura da gloria, ao que non estamos dispostos é a facernos vellos en fila de un, nunha caixa rexistradora que administra un anaco de morte con cada ticket.

Nós temos o sangue nas veas, temos o lume dentro, algo inusual hoxe en día, por iso estoupamos e reaccionamos de formas estranas para vós: choramos, corremos, berramos, queimamos, rompemos...

Poderíamos disimular, facer coma se neste mundo non sucedése nada e non meternos en líos, pero daríanos vergoña. O que diga que o mundo vai ben, sinceramente, ou é parvo ou un malnacido. O que diga que non pode facer nada, ou non ten imaxinación ou non ten interese, e o resto son escusas. Nós xa estamos fartos, así que atoparémonos por ahí, facendo o imposíbel por esnaquizar este macabro decorado que soamente agocha miseria e devastación.

Texto atopado fai uns anos nas rúas de Santiago de Compostela e Ciudad Real (territorios controlados polo Estado español).